

ANDRÉS GONZÁLEZ REGO

Lugares turísticos de Aguiño

Ola! Son Andrés e hoxe ensinareivos os mellores sitios da nosa parroquia: Aguiño (Concello: Ribeira. Provincia: A Coruña) espero que vos guste.



www.heroinasdixital.com



O PORTO DE AGUIÑO

A nosa primeira parada é o porto de Aguiño chea de estatuas de percebebes e unha lonxa, tamén ten praias como a do Rebalo ou a da Catía. Ten paseos como O Carreiro.



MIRADOR OS CASTELOS

A segunda parada é o mirador Os Castelos un novo mirador feito fai entre un ou dous anos.

Dende aquí podes ver todo Aguiño. Está situado ao norte da parroquia e as súas pedras fan que queiras explorar todo lugar.



O CARREIRO

A terceira parada é o Carreiro un paseo que leva a uha illa, é moi bonito ir por alí. Situado entre a praia do Rebalo e a Catía. Fíxose para que as ameixas de alí non morreran.

Se queredes saber máis entrade no artigo:"O CARREIRO" da nosa web.



A ILLA DE SÁLVORA

Esta é unha das illas máis pegadas a nosa parroquia aquí apaeceron as heroínas de Sálvora que dan nome ao noso cole.

Aquí hai unha antiga fabrica de salazón, unha antiga aldea, un faro e unha estatua dunha serea. Unha fermosa illa.



PRAIA DO REBALO

Esta praia conecta O Carreiro co porto. Na súa auga hai moitas pedras. Con marea alta non se ven pero con marea baixa parece un mundo cheo delas. se queredes vela mllor clicade no artigo:

"RECOLLIDA DE LIXO NA PRAIA DO REBALO"

É unha praia moi bonita.



PRAIA DA CATÍA

A última parada é a praia da Catía que conecta o Carreiro con Castiñeiras. É a miña praia favorita de Aguiño xa que podo nadar canto queira porque non hai pedras.. tamén a súa area é moi cómoda. Esta praia a corta pola metade un rego que divida a parroquia de Aguiño coa de Castiñeiras.



E ata aquí a visita de hoxe espero que veñas por aquí
algunha vez.

**Feito
por
Andrés
González
Rego**

